

ORDENANZA FISCAL NÚMERO T21

Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes e públicos. Escola de Música e Danza. Escolas Deportivas Municipais. Actividades deportivas no rural.

Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.

De conformidade co previsto no artigo 57, en relación co artigo 20.1. b) e 20.4.v) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que refunde o texto da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por prestación de servizos de ensinanzas especiais en establecementos docentes deste Concello, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º. Feito imponible.

O feito imponible da taxa está constituído pola prestación dos servizos de ensinanza de linguaxe musical, instrumento, danza e música e movemento da Escola Municipal de Música e Danza e de calquera das impartidas polas Escolas Deportivas Municipais, así como outros análogos que nestas escolas se impartan.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos e responsables da taxa.

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que se matriculen en cada unha das ensinanzas a que se refire o artigo 2º desta Ordenanza.
2. Responsabilizaranse da débeda tributaria xunto aos suxeitos pasivos ou debedores principais os substitutos, responsables solidarios ou subsidiarios sinalados nos artigos 35 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Exencións, bonificacións e beneficios tributarios.

1. De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, non se recoñece exención, bonificación nin beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.
2. Decláranse as seguintes bonificacións na taxa aos membros da Banda Municipal de Música de Ribadeo con respecto ás materias directamente relacionadas coa súa participación como membros da Banda (especialidade instrumental):
 - no primeiro ano: 50 % de desconto.
 - no segundo ano: 60 % de desconto.
 - no terceiro ano: 70 % de desconto.
 - no cuarto ano: 80 % de desconto.
 - no quinto ano e sucesivos: 100 % de desconto.
3. Os suxeitos pasivos que soliciten ou se beneficien da prestación de servizos ou da realización de actividades sometidas a esta ordenanza, poderán no seu caso, ter dereito a unha bonificación do 90% do importe da cota tributaria de acordo coa regulación que se recolle nos parágrafos seguintes, sempre que cumpran os requisitos establecidos.

Para acceder á concesión da axuda, baseada no interese social, deportivo e cultural das actividades, e na capacidade económica dos participantes, os ingresos da unidade de convivencia, entendida como tal a composta polos veciños que figuren empadroados nunha mesma vivenda na data de solicitude, non poderán exceder dos límites establecidos na seguinte táboa:

CONVIVINTES	LÍMITE DE INGRESOS
2	Até o 170% do IPREM
3	Até o 190% do IPREM
4	Até o 210% do IPREM
5	Até o 230% do IPREM
6	Até o 250% do IPREM
7	Até o 270% do IPREM

Para ser beneficiarios desta bonificación deberán cumprir tamén os seguintes requisitos económicos:

- Non dispoñer de máis dunha vivenda en propiedade.
- Non dispoñer de máis dun vehículo en propiedade.
- Non dispoñer de depósitos bancarios que, en conxunto, superen os 2000 €.

Procederase ao cálculo da capacidade económica segundo o baremo da persoa solicitante e dos demais membros que compoñan a unidade familiar. Entenderase como ingresos da unidade familiar todos os ingresos obtidos por cada un dos membros desta, en relación aos últimos 12 meses (rendementos do traballo, prestacións de desemprego, pensións, etc.)

Excepcionalmente, cando existan cambios substanciais na renda familiar dentro dos últimos doce meses cunha previsión de permanencia no tempo, suficientemente probados, poderanse ter en conta unicamente os ingresos relativos ao último trimestre da persoa afectada por dita situación. Neste caso a renda anual sería a resultante de calcular unha media mensual da renda do último trimestre e multiplícala por 12 pagas.

En supostos excepcionais, e por razóns debidamente xustificadas no expediente, consideraranse unicamente os ingresos que se obteñan no momento da prestación da solicitude.

Para acreditar estes datos deberán presentar a documentación perceptiva que se establecerá nas bases de cada actividade e que, en principio, de non sinalarse outra será a seguinte:

- Copia do NIF ou NIE das persoas que integran a unidade familiar.
 - Copia do libro de familia, só no caso de menores integrantes da unidade familiar sen NIF.
 - Certificación de convivencia.
 - Certificación de titularidade de bens inmobles, só no caso de denegar a súa consulta no anexo.
 - Acreditación de ingresos de todos/as os/as convivintes:
 - Nóminas (12 últimas).
 - Copia da declaración da renda ou datos fiscais relativos ao último exercicio das persoas que integran a unidade familiar, só no caso de non autorizar a súa consulta no anexo.
 - Prestacións INEM.
 - Prestación INSS, só no caso de non autorizar a súa consulta no anexo.
 - Extracto de movemento de todas as contas bancarias das que sexan titulares calquera das persoas que integran a unidade familiar, que inclúan os 12 meses anteriores á solicitude.
 - Documentación acreditativa de titularidade de vehículos das persoas que integran a unidade familiar, só no caso de non autorizar a súa consulta no anexo.
4. Declárase a bonificación no 50% da cota tributaria aos membros da Coral Polifónica de Ribadeo na materia de Canto.

Artigo 5º. Cota tributaria.

A cota tributaria estará constituída polas cantidades fixas e tarifas seguintes:

1. Escola de Música e Danza. Por ensinanzas impartidas na Escola Municipal de Música e Danza o importe da matrícula por curso académico será o seguinte:
 - i. Música e Movemento (1º ciclo): 130,00 €
 - ii. Música e Movemento (2º ciclo): 150,00 €
 - iii. Obradoiros instrumentais: 150,00 €
 - iv. Linguaxe musical: 190,00 €
 - v. Instrumento/Canto: 190,00 €
 - vi. Percusión Tradicional: 130,00 €
 - vii. Predanza: 130,00 €
 - viii. Preparatorio danza: 190,00 €
 - ix. Danza clásica/contemporánea: 200,00 €
 - x. Danza adultas: 150,00 €

Establécese unha matrícula de 50,00 € por alumno/a.

Para aquel alumnado que se matricule en tres ou máis materias establécese o desconto sobre o custo total das matrículas que formalicen, sempre que sexan de pago, do dez por cento.

2. Escolas Deportivas. Por ensinanzas impartidas en calquera das Escolas Deportivas Municipais a cota tributaria virá determinada pola seguinte tarifa:
 - De xaneiro a xuño: 60,00 €
 - De setembro a decembro: 40,00 €
3. Actividades deportivas no rural: 15,00 € mensuais.

Artigo 6º. Dereito á percepción.

1. O dereito á percepción da taxa producirase, nacente a obriga de contribuír, no momento en que se presente a solicitude de matrícula en calquera das ensinanzas

impartidas polas escolas municipais de música e danza ou deportes, polo que a falta de asistencia, agás por causa médica suficientemente documentada que imposibilite totalmente a asistencia continuada ata fin de curso, dos alumnos/as ás clases non dá dereito ao cese do pago da cota correspondente a devandita actividade.

2. O período impositivo coincidirá co curso académico establecido para cada unha das ensinanzas. Non obstante, nos supostos de altas como consecuencia de baixas voluntarias ou de oficio, o período impositivo e o dereito á percepción nacerán no momento de formalización da alta correspondente e polos períodos restantes ata a finalización do curso máis o importe da matrícula, se existira.

No suposto da Escola de Música e Danza o alumno/a que desexe causar baixa ao longo do curso, está obrigado/a a notificar por escrito ao Concello entre os días 1 e 15 de cada mes. En caso contrario, a baixa será efectiva no mes seguinte á solicitude, non tendo dereito á devolución do pago do mes no que sexa efectiva devandita baixa, non sendo obxecto de reintegro ou devolución o abono da matrícula, salvo que non se inicie a actividade por causas non imputables ao suxeito pasivo.

Poderase dar de baixa de oficio ao alumno/a que non realice o pago mensual que corresponde durante o prazo establecido e non regularice a situación durante o mes impagado. A baixa será efectiva ao mes seguinte a aquel que resulte impagado.

A falta de pago debido determinará o cesamento na prestación do servizo.

Artigo 7º. Normas de xestión.

1. O pago no caso das Escolas Deportivas, xestionarase en réxime de autoliquidación, que será aboada directamente nas entidades bancarias colaboradora. Nos pagos mensuais das actividades deportivas no rural e na Escola de Música e Danza procederase ao cargo en conta mediante domiciliación bancaria por períodos mensuais iguais a unha décima parte do importe das materias, dentro dos dez días primeiros de cada mes natural, ou polo importe da taxa mensual segundo o caso.

2. Estarán a disposición de todo o alumnado, tanto no Concello como en dependencias públicas os modelos de autoliquidación para faceren efectivo os pagamentos correspondentes. O impago dentro do prazo sinalado no apartado anterior conlevará o apercibimento de perda da praza, podendo realizarse o pagamento na Tesourería Municipal polo resto do mes natural co recargo executivo procedente e os custos de cobramento, no seu caso, sen perda da mesma. De non procederse a dito pagamento, o primeiro día do mes seguinte tramitarase a baixa de oficio dos impagados sen prexuízo do seguimento da vía de constrinximento para a recadación das cotas impagadas e procederase, previo informe do servizo correspondente e sempre que ditas baixas tiveran lugar nun prazo razoable dende o principio de curso, a comunicar as prazas existentes aos solicitantes en reserva por estrito orde da mesma. Do mesmo xeito, procederase a declarar a baixa de oficio por inasistencia continuada e inxustificada ás clases correspondentes, aínda que se tivera aboada a taxa respectiva, para permitir o ingreso de alumnado en lista de reserva de praza.
3. Constitúese como obriga tributaria formal para as entidades que presten, mediante convenio, as ensinanzas en Escolas Deportivas Municipais a colaboración para o cumprimento das obrigas formais e materiais establecidas para o suxeito pasivo nesta Ordenanza, polo que o seu incumprimento poderá constituílo nas responsabilidades reguladas no artigo 3º.2 desta Ordenanza.

Artigo 8º. Infraccións e defraudacións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Capítulo IV da Lei Xeral Tributaria, e elo sen prexuízo das que conforme ao Regulamento do Servizo se poidan impoñer en orde distinta á tributaria.

Artigo 9º. Delegación para a fixación de prezos públicos en materia cultural e deportiva.

Delégase na Xunta de Goberno Local a fixación de prezos públicos como cota de taquilla por espectáculos, actividades ou análogos en materia cultural e deportiva que revistan carácter puntual.

Disposición Transitoria Única.

A entrada en vigor desta Ordenanza non implicará o reaxuste de actuacións efectuadas para os cursos académicos iniciados estando vixente a anterior Ordenanza reguladora dos prezos públicos.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada nos seus artigos 4,5 e 7 por acordo plenario de 26 de xullo de 2008 e publicada no BOP 208 de 9 de setembro de 2008.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada nos seus artigos 5 e 7 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicada no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada nos seus artigos 4, 5, 6 e 7 por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011 e publicado no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 4 por acordo plenario de data 13 de febreiro de 2018 e publicado no BOP número 047 de 27 de febreiro de 2018.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada nos seus artigos 2, 5, 6 e 7 por acordo plenario de data 14 de maio de 2024 e publicado no BOP número 135 de 12 de xuño de 2024.

ANEXO

AUTORIZACIÓN DAS PERSOAS QUE INTEGRAN A UNIDADE FAMILIAR

NOME E APELIDOS	NIF	PARENTESCO	AUTORIZA CONSULTA DATOS TRIBUTARIOS	AUTORIZA CONSULTA PRETACIÓNS INSS	AUTORIZA CONSULTA TITULARIDADE VEHÍCULOS	SINATURA
			☐ SI ☐ NON	☐ SI ☐ NON	☐ SI ☐ NON	
			☐ SI ☐ NON	☐ SI ☐ NON	☐ SI ☐ NON	
			☐ SI ☐ NON	☐ SI ☐ NON	☐ SI ☐ NON	
			☐ SI ☐ NON	☐ SI ☐ NON	☐ SI ☐ NON	
			☐ SI ☐ NON	☐ SI ☐ NON	☐ SI ☐ NON	
			☐ SI ☐ NON	☐ SI ☐ NON	☐ SI ☐ NON	
			☐ SI ☐ NON	☐ SI ☐ NON	☐ SI ☐ NON	

(No caso de non autorizar a consulta, deberá achegar a documentación correspondente)